

ANUNCIO

ACTA Nº 3 DO TRIBUNAL DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA, EN QUENDA LIBRE, MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DUNHA VACANTE DE CONSERXE INCLUÍDA NA OEP DO CONCELLO DE FENE DO ANO 2024

Faise público que en data 28.11.2025, o tribunal do proceso de selección para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de conserxe incluída na OEP do concello de Fene do ano 2024, anuncia o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder a SECO BLANCO, VANESA PILAR, para o desenvolvemento do segundo e terceiro exercicio do proceso selectivo, a adaptación dun tempo adicional de 30 min sobre o total de duración dunha proba de 60 min, ou o tempo proporcional a duración establecida polo tribunal, de acordo co establecido no anexo II da Orde PJC/804/2025, de 23 de xullo, pola que se establecen os criterios xerais para a adaptación dos medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

SEGUNDO.- Conceder a CABRERO SEIJO, LIDIA, para o desenvolvemento do terceiro exercicio (de acordo coa súa solicitude), a adaptación dun tempo adicional de 10 min sobre o total de duración dunha proba de 60 min, ou o tempo proporcional a duración establecida polo tribunal, de acordo co establecido no anexo II da Orde PJC/804/2025, de 23 de xullo, pola que se establecen os criterios xerais para a adaptación dos medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

TERCEIRO.- Publicar ás concesións de adaptación de tempo para o desenvolvemento do proceso selectivo ás persoas solicitantes, no taboleiro de anuncios e web municipais, outorgando un prazo de 5 días hábiles para a presentación de alegacións/reclamacións ao respecto.

CUARTO.- O tribunal acorda, conforme á cláusula oitava das bases reguladoras do proceso de selección, convocar aos/ás aspirantes que superaron o primeiro exercicio, así como aqueles/as que teñen acreditado estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente, para realizar a segunda proba da fase de oposición -proba de tipo práctico- que terá lugar no Pavillón Polideportivo A Xunqueira, situado na Avda. do Mar, s/n, 15500, San Valentín, Fene, o día 18 de decembro de 2025 ás 10:30 horas. As persoas aspirantes deberán vir provistas do seu propio material consistente en: un desparafusador (desatornillador) plano de 4 mm e tesoura de electricista. No caso de non acudir co dito material non poderá realizar o exercicio.

En Fene, asinado dixitalmente o día 28.11.2025 pola secretaria do tribunal, Beatriz Santiago Yáñez.